



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 12 DE MAIO DE 2009.**

<p><u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D. FRANCISCO GARCIA PREGO. D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D^a ANA MARIA FERNANDEZ COIRA. D^a VICTORIO MONTENEGRO PAZ. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D. FRANCISCO ECHEVARRIA LAGE. D. FERNANDO OTERO PRIETO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. MANUEL RODRIGUEZ DOVAL. D^a BELEN ABEAL PEREZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as trece horas e quince minutos do día doce maio de maio de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

PUNTO UNICO.- DEBATE DE POLÍTICA DE PERSONAL, DE ACTUACIONES E SENTENCIAS E SELECCIONES (PERSONAL Y TALLER DE EMPREGO).-

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestan que para falar dun tema tan importante como é o de persoal, creemos que a hora en que se convoca o Pleno, é unha hora bastante tarde para o debate e exposición de motivos, non é a hora máis adecuada para convocar este tipo Plenos, queremos deixar constancia deso.

Acto seguinte manifesta que en primeiro lugar desde o Grupo Municipal do Partido Popular, solicitamos este Pleno para tratar a política de persoal pola non convocatoria da Comisión pertinente, que neste caso é a Comisión de Persoal, que non se ven convocando desde o mes de febreiro, e de que nuna se levou a esta Comisión ningún tema de persoal, quero deixalo claro aquí, hoxe precisamente se convoca outra Comisión de Obras e Servicos e soamente vai un tema de auga, e nesta Comisión nunca houbo debate nin se informou do que



esta a suceder co persoal neste Concello, e en segundo lugar nos levou que cando chegou unha reclamación xudicial por 10 prazas de axuda a domicilio, ó portavoz que está falando non se lle deixou intervir, cando se viña intervindo en todas as Sentenzas que se viñan a dar conta ó Pleno, era a tónica xeral, que se deixara intervir a cada grupo, e a mín non se me deixou intervir, era a primeira vez nesta lexislatura, se me prohíbe que eu exerza este dereito, eu me calei porque era dar conta, e o Sr. Alcalde esta no seu dereito, pero eso non quita que o dereito que ten o grupo municipal popular maioritario, nesta Corporación, qué é de poder pedir Plenos extraordinarios, e Comisións e ser informados, nos conlevou a pedir a convocatoria deste Pleno.

Queremos deixar constancia tamén, noso pronunciamento nas Resolucións inxustas que se levan feito ata o día de hoxe, e significar que en trinta anos de democracia, que levamos nas Corporacións Democráticas, pasaron por aquí cinco Alcalde e o que esta sucedendo agora mesmo, nunca había pasado, vamos a enumerar unha a unha, o primeiro caso que se deu aquí nesta lexislatura, foi durante o primeiro mes, foi unha persoa que estaba na Ludoteca, (chamada así pero que non é Ludoteca), chamabase Ludoteca pero era unha actividade extraescolar prestada desde o Concello e que nos temos a certeza de que esta persoa se puxo na rúa, se lle cesou no seu contrato porque iba na lista do P.P., e dicir que no sitio dela se puxo a unha persoa, que todos sabemos de quen é filla que é un militante e activista do Partido Socialista; e que esta persoa gañou o xuízo e que a houbo que reintegrar ou indemnizar, e por parte do Concello, non podía ser doutra maneira que para meter á persoa que a eles lles interesaba optaron pola indemnización.

O segundo caso, e o tema do persoal da Oferta de Emprego Público do ano 2006, cando estiven preparando me atopei coa oferta de emprego público do ano 2005 e do ano 2006, e é significativo que a maioría dos que estamos aquí non nos lembramos deso, na oferta de emprego público do ano 2005 estas traballadoras que despois se lles recurreu as prazas ian como laborales, nos decidimos poñelas como funcionarios porque tiñamos varias recomendacións da Deputación e dos Servicios Xurídicos da Xunta, de que había persoal, que tiña sinatura que tiña que facer informes, nos recomendaron que esa xente debería ser funcionaria, por eso nos decidimos no ano 2006 cambiar e pasar a ese persoal funcionario. Deixar claro tamén que na oferta de Emprego Público do ano 2006, iban os 6 que se impugnaron pero mesma resolución publicada no Boletín Oficial do Estado de 12 de maio de 2006, e nas ultimas na Subescala de Administración Especial, salen as dúas prazas de Policía Local, que precisamente vostedes acaban de cubrir, e inmediatamente o día que se lles deu as prazas se lles fixo o nomeamento e a toma de posesión, o persoal se lles fai un tranto discriminatorio, uns sí e outros non, os que me gustan a mín si e os que non me gustan non, cando é da mesma orde, e se separan a 6 persoas cando se fixo por recomendación doutras



Administracións, e Vte. Como non lle gustaban estas persoas as impugna, e non me lembraba do tema da Policía Local, pero quitando a orde do Boletín Oficial do Estado, aparece isto, e quero deixalo claro aquí. Deixar constancia que hai unha resolución xudicial, os traballadores gañaron no xulgado, e por parte do Concello se fixo un recurso de apelación, nos desde o P.P., queremos rogarlle e pedirle que inmediatamente paren con este recurso, porque creo que é discriminatorio para os traballadores, e non conleva a nada nunha Administración Pública, estar o servizo do cidadán, ter como esta agora mesmo a Plantilla do Concello, xa sexan funcionarios ou laborais, que hai un descontento xeral, hai que empezar a poñer orde a todo isto, en primeiro lugar ten que desistir do recurso de apelación, xa hai unha Sentenza clara e creo que o recurso vai a ser igual, e despois de facer Vtde. Os Policias Locais funcionarios creo que o que menos debería facer e discriminar a ninguén por que iban todos nun lote.

Quero tamén dicir aquí que foi a Comisión de Goberno, e deron vostedes conta dun escrito do Consello de Contas de Galicia, por un tema da fiscalización das obras, creo que as obras están correctas as licencias que se habían dado, e nos fan unha recomendación que ven a conto co tema da funcionarización, nons fun unha recomendación e nos din “O Concello deberá realizar as súas funcións urbanísticas con persoal suxeito ó Estatuto Funcionarial, en concreto e o que atinxe a este informe deberá reforzar co persoal funcionario os labores de disciplina urbanística, e dentro destas a de inspección a legalidade, e rexíme de infraccións e sancións”, creo que está claro que nos o que habíamos feito non era capricho senón o que se nos viña recomendando polas administracións, mentres isto non se realice se recomenda solicitar asistencia á Excm. Deputación Provincial en materia urbanística como fórmula transitoria para efectuar esta función, creo que queda clara a nosa posición. Desde o P.P. pedimos que se pare con isto e se volva á normalidade, e como dixen anteriormente por aquí pasaron 5 Alcaldes e o que esta sucedendo nunca sucedeu, e o descontento xeral que hai, por eso nos vimos na obriga de pedir un Pleno para tratar de reconducir todo este tema, desde o diálogo, desde a Xunta de Portavoces, desde unha Comisión de seguimento, buscar solución a todos os expedientes e todos os arreglos que se poda chegar co persoal, porque en definitiva son os que están ó fronte, porque tendo unha boa plantilla e a xente traballando adecuadamente que é o fin que queremos todos para que os cidadáns do noso Concello nos voten a nos ou voten a outros teñan os servizos adecuados, e estén contentos co servizos que se lles da desde o Concello.

Con respecto o expediente sancionador a Traballadora Social, quero deixalo claro, xa o deixei, se me deixou explicar, o dixen desde o primeiro momento que isto era unha manipulación e un acoso hacia unha persoa, que todo o que se estaba acusando era mentira, xa o deixei claro no pleno no que eu expliquei todo isto, dixen que no prazo de cinco ou seis meses iba a imperar a verdade, e así foi, o máis lastimoso, vamos facer un recordatorio, cando se deu conta da Sentencia o Sr. Alcalde fixo unha manifestación que pola premura do Xuíz, que



había absolto a Marian, creo que é unha manifestación bastante burda, pois o Xuíz todavía continua executando a función no xulgado do Social de Ferrol, e me parece, xa non pola profesión senón polo cargo que ostentou vostede na Xunta de Galicia, como Director Xeral de Xustiza, facer estas declaracións penso que non conducen a nada, eso é poñer en dúbida unha Sentencia firme, non conduce a nada.

Un dos temas que nos levou a pedir o Pleno extraordinario foi dar conta da Resolución Judicial, interposta por unha persoa que se había presentado a unhas prazas, que foi o motivo que non se me deixou a mín intervir, que había un fallo na Sentencia e houbo que pedir a aclaración da mesma, quero deixar claro dous aspectos, o primeiro e que podemos ter dúbidas se a contratación, ou a persoa que fixo a reclamación no seu día, podía ter dúbidas se podía ter ou non razón ou se o podía gañar no Xulgado, creo que está claro que a persoa que se mete e sen titulación e sen experiencia unha persoa que ía no número 13 da candidatura do Partido Socialista, e que o Xuíz dictou unha resolución dicindo que era un concurso e así se demostrou, polas bases que se habían aprobado o 17 de xullo de 2007, e que eso non era legal, pero o máis chamativo e que non entrou que foi unha reclamación que fixo a traballadora, a anécdota desta impugnación que se pode ter dúbidas, pero no que non hai discusión, nesta convocatoria é que hai unha vacante e o anecdótico é que en lugar de tirar das listas de suplentes que hai tres suplentes, se mete unha persoa, que non está no listado, nin se presenta o exame, nin paga as taxas nin nada, se había algunha dúbida sobre estas sentencias creo que xa con eso queda demostrado que o proceso está completamente mal, eso é outro error gordo, e esas cousas non se fan, se hai unha lista de suplentes hai que tirar dela, e se mete a outra persoa que non tiña nin titulación, nin se presentou o exame nin había pagado as taxas.

Con respecto ao Obradoiro de Emprego, nos nun pleno deixamos claro despois de ter a experiencia da Escola Taller, desde o Grupo do P.P. habíamos solicitado que se fixera unha Comisión de seguimento sobre este tema, para poder e non caer en irregularidades e que nos poidera traer consecuencias como nos trouxo, e non estar como estivemos coa espada enriba durante tantos anos pola mala xestión da Escola Taller. Prioridades e requisitos desde tema, había dous e así se nos comunicou, en relación coa selección do persoal, a primeira ser de Ares e a segunda ter máis dun ano de antigüidade no paro, con estas dúas premisas e despois de ver o expediente, nos encontramos con varias irregularidades na contratación e na selección do persoal, primeiro deixar claro que en catro minutos ou dous minutos non se pode seleccionar unha persoa. A primeira delas é anecdótico porque houbo intereses en seleccionar a esta persoa, porque xa o houbo cando se seleccionou que é o mestre de albanería, cando se seleccionou para dous operarios para o Almacen, había outra persoa que se había presentado con máis curriculum, con moita máis experiencia e con máis titulación que esta, pero es que esta persoa tendo en conta as premisas a seguir que tiña que ter un ano de paro, esta persoa estaba traballando no Concello cando se contratou, o ano de paro nada, e para máis inri había outra persoa do Concello que cumpría todos os requisitos, coa mesma puntuación que el, cumprindo todos os requisitos e non se mete, cando este señor xa estaba



traballando para o Concello. A segunda, anecdótica tamén é o tema da selección de dous auxiliares administrativos, a primeira cumpre cos requisitos, unha persoa con experiencia, con titulación, a segunda que se selecciona non aparece no listado de administrativos, pero si aparece no listado de xardinería, e se pasa a auxiliar administrativo, pero o máis chamativo que comprobamos: titulación ningunha, non ten, nin auxiliar administrativo nin administrativo, e despois vemos outras dous persoas de aquí do Concello de Ares, como pode ser Berta, e esa señora cumpria os requisitos tiña experiencia profesional no Concello para o que había traballado varias veces e se deixa fora, e se mete unha persoa que vai na lista do Partido Socialista as eleccións municipais. Coa mestre do ensino básico, exactamente igual, nos encontramos que a persoa que xestiona a OMIC no Concello de Ares, que está contratada, aparece seleccionada para mestre de ensino Básico, se hai dúas premisas que é ser de Ares e estar un ano no paro, se contrata a unha persoa que está traballando como responsable da OMIC do Concello, creo que con todo isto, e os comentarios que hai pola rúa, e que lle fixeron chegar os demais grupos políticos, cando solicitamos isto, non se accedeu a que houbera unha Comisión de seguimento, e páctalo e falalo alí entre todos, e podíamos chegar a un acordo entre todos e seleccionar, e non o comentario que hai por aí, que a decisión do Grupo Socialista foi non darlle chance a ningún grupo político e repartirse 5 persoas cada Concelleiro do PSOE, eso é o que nos fixerons chegar a nos, que cada concelleiro do PSOE meteu a cinco persoas, eu non podo demostralo pero ese é o comentario que esta na rúa.

Con respecto o tema dos traballadores de axuda a domicilio, o descontento é colectivo desde o primeiro momento, e primeiro que nos fixeron chegar a nos foi a obrigación de ir ó comedor escolar a axudar a dar a comida ós nenos, non estaba no seu contrato e podía reclamar, ese é o malestar que nos fixeron chegar a nos, o segundo nos referimos ó salario porque se lles incrementou o horario, porque xa viñan funcionando así facían 4 horas, e coa chegada do novo goberno se lles esixiu traballar dúas horas e media máis ó día, ese é un punto máis de descontento do persoal. A terceira e que tamén están cumprindo coa Lei de Dependencia, están traballando polas tardes, e esta xente non foi compensada, polas dúas horas e media que traballan máis e pola Lei de Dependencia, que creo que nos ten que aportar máis diñeiro ó Concello. Cuarto que se prometeu por parte de vostede Sr. Alcalde o incrementarlles cen euros ó mes, e a día de hoxe nada de nada, e que así nos fixeron chegar os representantes Sindicais, que vostede había chegado a un preacordo para equiparalos as traballadoras de limpeza o cal se rompeu onte porque vostede non quisu aceptar isto.

Co tema do capataz, continuos enfrontamentos de vostede e do equipo de goberno e ameazas con este traballador que lle levaron a pedir a baixa médica, e á volta da baixa médica se lle comunica por parte do Concelleiro de Urbanismo e o Concelleiro de Obras e Servizos e Persoal, que a partir da data deixaba de ser Capataz que ía a ser Agustín o Capataz e que el tiña que facer traballos de operario de primeira, mirando as Resolucións que se fixeron



desde a Alcaldía, se lle comunica unha Resolución da Alcaldía de 13 de febreiro de 2009, dicindo “Desingar con carácter provisional como encargado resonposable de Servizos a Dn. Agustín Suarez Feal, persoal de Servizos deste Concello.” este foi o 13 de febreiro de 2009, pero se rexistra o 31 de marzo de 2009, que eso o vine eu a mañana, e se lle debeu notificar ó traballador mes e medio despois, pero o mais chamativo de todo e que se fai unha unha resolución o día 28 de abril, hai 15 días, modificando a Resolución do 13 de febreiro de 2009 non senso de deixar sen efecto o nomeamento provisional de encargo de Servicios a D. Agustín Suarez Feal, 2º o Capataz D. Ramón Costa Fernández, como tal capataz desenrolará as funcións inherentes o seu posto de traballo, como dirección, control e supervisión dos servizos municipais, que pasa que aquí se rectifica porque a primeira resolución non cumpre coa legalidade, se ven collidos, pero todo o mundo sabe que o encargado o que está exercendo e o que dispón de todo é o señor Agustín Suárez Feal, e que este señor como vai a dispoñer da supervisión e control dos servizos municipais se ata lle quitaron o coche, como vai a controlar un traballo en Redes ou en Chanteiro se vostedes lle retiraron o vehículo que vai ir a pe, isto está claro que esta reactivación e porque vostedes na primeira Resolución meteron a gamba. Isto está no Xulgado, outra máis despois das catro que levamos esta vai a ser a quinta que vostedes perdan cos traballadores, xa hai catro sentencias perdidas cos traballadores e esta vai a ser a quinta, insolito, vostedes rectifican un daño que habían feito coa anterior resolución.

O Sr. Alcalde, advirte o Sr. Manuel Cendán, que leva medida hora falando polo que lle retira a palabra.

O Sr. Cendán Fernández, manifesta que estamos nun Pleno Extraordinario monográfico solicitado polo Grupo maioritario da Corporación, que ten dereito e non ten culpa de que vostede non queira falar deste temas e o convoque á unha e cuarto da tarde.

O Sr. Cendán Fernández, en relación co traballador Santiago Filgueiras Martínez, manifesta que por parte deste se lles fixo chegar o seu malestar por un exceso de horas nun traballo en Chanteiro, así como que se lle chamou a atención por vir a facer unha xestión no Concello, que ó parecer tiña que ser de dúas a dúas e media, e cando se deu esta Orde el atopase de baixa médica polo que a descoñecía, e o terceiro tema que hai testigos, responsables políticos, que se lle ordenou cortar o césped e eu vou a falar por min, que nos oito anos que votei de Alcalde, esta persoa e outro traballador laboral, tiñan un informe médico de que eran alerxicos o corte de herva, e desde que eu fun Alcalde a estas persoas non se lles mandou corta herva, este é un conflito que hai que solucionar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que efectivamente en materia de persoal ninguén ten dúbida que o Sr. Cendán ten moito que dicir, quizais os extremos que chegou el



durante os seus dous mandados algúns aínda non chegamos aquí, sobre os procesos de funcionarización e a quen se funcionarizou e as posteriores relacións que logo se fixeron públicas non vou a dicir nada porque todo Ares o sabe, e en consecuencia non vou a recordalo. Efectivamente a primeira decisión que se tomou o chegar a Alcaldía foi efectivamente como dice despedir á persoa que había na Ludoteca, a primeira foi despedir a persoa que vostede meteu no Xulgado de Paz, esa foi a primeira decisión que tomamos, o que pasa que vostede agora non lle interesa xa que últimamente non se lle ve moito con ela por aquí e en consecuencia xa non lle interesa mencionala, pero a primeira persoa que se despediu foi a que vostede meteu no Xulgado de Paz. En materia da Ludoteca, eu non sei que perdeu o Xuizo se vostede ou eu, porque o perdin por culpa do contrato basura que vostede lle tiña feito, porque vostede lle tiña un contrato de obra e efectivamente se continuaba o servizo tiña que seguir a obra, claro eu non ser como ter a unha peluquera nun servizo de Ludoteca con nenos, por eso se lle despediu para contratar a unha persoa con titulación, e e certo que se despediu unha persoa que tiña un contrato de obra e a obra continuaba, se perdeu polo tipo de contrato que vostede lle tiña feito, por certo tiña moitos máis contratos deses feitos, non se despediu a ninguen máis, pero se damos un paseo polo Concello podemos ver todas as persoas que vostede deixou aquí e ver que exames e que oposicións fixeron, porque deses contratos especiais de obra que logo se fan fixos vostede deixou varios, e o máis sangrante era o de unha peluquera atendendo unha Ludoteca.

En canto o proceso de funcionarización o partido socialista ten dereito a impugnar o que lle parece que non se axusta á legalidade, e en calquera caso vostede tamén funcionarizou o seu persoal de confianza. Vostede ante o novo proceso electoral decide facer funcionaria á persoa que Vostede tiña de confianza, lle parecera razoable. Por suposto da Policía Local non se impugnou nada porque esas oposición non se celebraron, ¿que vamos a impugnar o que non se celebrou?, se impugnaron as que se celebraron. O Estatuto Funcionarial ninguen o discute, o que ten que facerse é unhas oposicións ou uns concursos axustados á legalidade, que eu non digo que estén ou non como vostede eso esta xudicializado e será a xustiza quen o diga. Pero evidentemente lles asiste os membros desta Corporación a impugnar o que creen que non se axusta a dereito.

No expediente de Marian, vostede xa sabe perfectamente que houbo queixas, e eu simplemente as tramitei, non as metin nun caixon, eu en aquel momento considerei oportuno tramitar ese expediente, a xente ten dereito a ir o ámbito xudicial a pedir amparo e efectivamente as resolución dos xuíces hai que cumprilas e non ofrece nese sentido máis duda.



O tema da impugnación que non seu momento se fixo, polo tema de Asunción, e por uns contratos que vostede sinala, en materia de asistencia o fogar, foi efectivamente polo que é o modelo concreto de desenrolo dese concurso, que é como vostede o fixo sempre, nos non cambiamos nada, nos utilizamos o prego de condicións que vostede deixou aquí, e contratamos co mesmo método, non cambiamos absolutamente nada, Asunción non entrou porque se creía con dereito a entrar, e a xuízo da Comisión non entrou, como non entran outros e logo entrarn despois, aquí non hai un dereito a entrar cando un quere, hai un dereito a entrar cando a Comisión determina que se superan as probas e se entra, e efectivamente cando se fixo unha nova contratación non se tirou da lista de espera, se fixo un novo concurso sencillamente, se volveron a quitar unhas bases, e se provisionou a praza vacante mediante un novo concurso. Efectivamente non se tirou da lista de espera porque se fixo un novo concurso e a documentación esta ahí.

En materia da Escola Taller, eu creo que ten que informarse antes de facer algún tipo de afirmación, para o equipo directivo non se existen esas premisas, se pode acceder desde unha figura que se denomina mellora de emprego, en consecuencia o mestre e a outra persoa que vostede sinalou que se incorpora como docente foron por mellora de emprego, para entrar no equipo directivo se pode acceder por mellora de emprego non fai falla estar un ano no paro, para as outras 25 persoas si, porque son os alumnos, os alumnos teñen que levar un ano no paro e ser de Ares, e vostede sabe que aquí houbo máis talleres de emprego, e o equipo directivo non era de Ares. En canto os Auxiliares Administrativos na medida en que se seguiron demandando o INEM seguiu enviando curriculums, o da persoa que vostede sinala non aparecía como Auxiliar Administrativo aparecía dentro dun dos ámbitos da Escola creo que era en xardinería, e se seguiu pedindo o INEM curriculums en materia de Auxiliares Admsintrativos e apareceu, porque se seguiron pedindo. Asi que vostede que veu os papeis da Escola Taller, puido haber observado que na primeira non estaba pero despois si, todos os alumnos que se meteron son de Ares, outra cousa e que a vostede lle podan ou non gustar, pero para meter os que lle gustaran a vostede tivo 8 anos.

En relación co tema de Axuda a domicilio o contrato que teñen é o que lles deixou vostede, o proceso de selección é o que lles deixou vostede, o soldo e o que lles deixou vostede, eu o único que fixen foi esixir o cumprimento íntegro do contrato, porque eran traballadoras a tempo completo que non o traballaban, se non o cobraban tampouco o traballaban, o primeiro que hai que esixirlles e que o traballen para logo pagarllo, e gracias a que traballan o tempo completo na RPT que se esta facendo tendrán melloras salariais importantes, porque se non chegan estar traballando a tempo completo, se descubre que temos unhas traballadoras a tempo completo traballando a tempo parcial e haber como amañamos esa situación fraudulanta, que era como vostede as tiña, tempo completo pero



logo so traballaban 4 horas, así non se pode ter a ninguen a tempo completo, entonces como hai traballo de sobras en Ares, porque o hai, se lles esixiu o tempo completo e eso ten que levar consigo melloras salariais. Eu lles ofrecín subirlles 100 euros a cargo dun presuposto que vostede non votou, que votou en contra, e que entrou en vigor hai 10 días, a subida de 100 euros vai no presuposto que vostede non apoio, ese presuposto entrou en vigor hai 10 días e non podo pagarlles sen ter en vigor o presuposto, e nos próximos salarios verase reflexada esa subida, pero o que se trata e de esixirlles o cumprimento do seu contrato a tempo completo, para que poidan reclamar un salario acorde co tipo de contrato que teñen, non un contrato a tempo completo e como se lles pagaba unha porquería telas so 4 horas. Agora van a ser traballadoras a tempo completo e grazas a RPT van a ter un salario que se corresponda a tempo completo, amañar ese desaguizado non lle corresponde á vostede o pudo facer durante 8 anos e non o fixo.

En referencia o tema de Agustín, efectivamente por activa e por pasiva xa se explicou aquí, que o capataz pediu unha baixa laboral e estivo 6 meses, durante ese tempo houbo que ter unha persoa que provisionalmente se fixera cargo do seu traballo, e de repente o capataz pide o alta voluntaria, non tivo alta médica, casualmente uns días antes de que Agustín consolidara o que estaba cobrando, ante esa situación nos imaxinamos que volvería a pedir a baixa próximamente, en consecuencia mantuvimos a Agustín provisionalmente en previsión de que volvería a pedir a baixa, descubrimos co transcurso do tempo que non volveu a pedir a baixa e entonces o nomeamento de Agustín con carácter provisional non procede mantelo. O que si nos encontramos é cun capataz que desde que se incorporou tra-la baixa se nega a facer traballos manuais, se dedica a pasear como un enxeñeiro polas obras coas mans nos bolsillos, cando efectivamente sabemos cal é a súa titulación, e sabemos cal é o seu corpo e escala, porque eso esta vertebrado e sabemos como se configura eso na plantilla, e esa persoa como un enxeñeiro, se pensa que como é capataz é enxeñeiro pasea de arriba abaixo o pobo, controlando e supervisando as obras e servizos municipais, sen facer o que facía antes de darse de baixa, eso significa unha diminución da produtividade evidente, antes de estar de baixa el facía traballos manuais, desde que veu da baixa non, eso ademais é unha modificación unilateral das súas relacións laborais, e hai unha diminución da produtividade e polo tanto causa obxectiva de despido, vostedes agora no Pleno diran que facemos, se se pode ter un capataz como un enxeñeiro paseando o pobo de arriba a baixo coas mans nos bolsillos e sen coller unha paleta, sen coller unha escoba e sen facer nada, e me diran vostedes se temos contrato un capataz o un enxeñeiro, e en consecuencia tomaremos unha decisión aquí no Pleno de que facer cunha persoa que se nega a facer traballos manuais desde que se incorporou, se incorporou no mes de febreiro, e leva 3 meses sen facer traballos manuais, eso é unha diminución da produtividade e por tanto causa de despido obxectiva, o podemos debatir no Pleno e eu fago o que vostedes digan, pero o que non se pode manter e a un enxeñeiro que non o é.



E o tema de Santi, efectivamente o ano pasado desbrozo, o ano pasado pediu desbrozadoras de mán para ir a desbrozar polas tardes, e agora de repente se lle di que vaia a axudar os da alfombra e resulta que é alerxico, e o ano pasado estivo desbrozando incluso cunha desbrozadora de man, hai testigos de que este home desbrozou en tractor e a man, sabemos que desbrozou a man cortando herba, e agora de repente se lle di que vaia a axudar os das alfombras que necesitan axuda para cortar o verde e se negou, eso é desobedecer unha orde directa do Alcalde, e polo tanto é desobediencia e polo tanto e outra causa de despido, vostedes diran no Pleno que facemos. En consecuencia os conflitos laborais dos que vostede fala non existen, estamos negociando o convenio colectivo, estamos cunha RPT que vai a mellorar salarialmente moitísimo os traballadores, e temos nese sentido por así decilo o toro polos cornos, porque son problemas gravísimos, vostede tivo 8 anos para negociar o convenio e a RPT e non o fixo, as de axuda a domicilio non as excluíu eu do convenio, as excluíu vostede, non as deixei eu fora do convenio cobrando unha porquería, as excluíu vostede do convenio cobrando unha porquería, e eu as vou a meter no convenio e lles vou a dignificar o seu salario e sabe porque, porque traballan as 8 horas, antes como traballaban 4 lles valía o salario, e co capataz e con Santi teremos que tomar medidas, e as terá que tomar a Corporación eu traerei os expedientes correspondentes, pero que me diga a mín a Corporación se ten contratado un enxeñeiro para pasarse de arriba a abaixo todo o día coas mans nos bolsillos. Por certo este capataz creo que non so tuvo problemas coa actual Corporación, creo que gobernando vostede xa lle deu problemas, o que pasa que vostede como non lle convén o caixon, o de Marian non lle conviña, ó caixon, todo o que lle conviña adiante como o de Montse, que logo foi funcionaria e tiña unha relación con vostede, mentras eu non faga eso non me de leccións, cando eu faga o que vostede fixo si me pode dar leccións, de momento nin me da leccións nin llo consinto.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que el como membro da Comisión de Persoal, entende que estes temas deberían haber pasado pola mesma, e a metade destes problemas se evitarían, si é verdade que se facemos as comparacións entre unhas contratacións e outras, vostede e normal que se trate de defender pero todos coñecemos a situación real, a vivimos e neste pobo pequeno todos nos coñecemos, as cousas se poden facer, se pode incluso beneficiar os simpatizantes de un, pero creo que as contratacións que se fixeron aquí se poideron facer na miña opinión doutra maneira, non quero dar nomes os casos están ahí, as xustificacións tamén, se aludiron algúns comentarios, pero sabemos que houbo procesos chamativos, e independentemente de que se fagan as convocatorias públicas como así o marca a lei, deben de ser presididas por unha serie de valores de publicidade, mérito e capacidade, houbo algunhas convocatorias se obvio o concepto de personalidade e profesionalidade, o caso deo albanel creo que se fixo unha gran inxustiza, porque unha persoa despois de 50 anos de profesionalización como tiña este señor, para facer un contrato de 6 meses despois da traxectoria profesional que viña, experiencia incluso en



cosos formativos e sobre todo nas grandes obras que se fixeron neste Concello, que foi o Concello de as Alianzas, que veña a unha entrevista e incluso as persoas que formaban parte do Tribunal, porque era unha persoa coñecida por todos, e que se deixe fora a esta persoa eu creo que foi das cousas máis chamativas, este tipo de cuestións independentemente de que nosoutros tiñamos as nosas amizades, e as nosas persoas, estes exemplos non se deben de cometer sobre todo con xente que ademais por xustiza, que despois de 4 anos traballando no Concello, acceder a un contrato como era nalquel caso de 6 meses, eu creo que era máis que merecido nesa persoa e non se fixo así, eso foi nalquel intre collín un certo rebote porque me doeu, porque era un gran profesional e me imaxino que o sigue sendo, e se fixo unha inxustiza, este tipo de cousas son as que chegan á opinión pública e sobre todo as persoas. Despois outro contrato que houbo que me chamou a atención non sei os motivos, foi a convocatoria do Psicólogo municipal, pois parece ser que había para este praza un señor de Ares, cun curriculum, uns coñecementos, que por certo no Concello de Mugar dos se lle había adjudicado por experiencia, e no curriculum del é Doctor, e na facultade tiña experiencia desto, e as últimas informacións esta persoa foi un concurso á Universidade e co curriculum que tiña o gañou, en cambio para o Concello de Ares non se lle deu e se lle deu a unha persoa que todos sabemos quen é, porque nos coñecemos, non ten profesionalidade ningunha, nin experiencia e se lle deu esa praza, con o que non quero dicir que as persoas que non teñan experiencia non teñan dereito a optar a estas prazas, pero a persoa que optaba a esta praza era veciño de Ares, nacido en Ares, traballou no Concello de Ares, e cun curriculum bastante importante, e polas noticias que teño eu na entrevista persoal, as preguntas as respostou ben pero se alegou a un tema de comportamento. Antes nas comisións de selección de persoal íbamos os políticos.

O Sr. Alcalde di que íamos os políticos ata que os enfadachedes e quitachedes á oposición.

O Sr. Luis Cendán, di que o Concelleiro da oposición sempre se lle convocou, a Lei nese momento obrigaba a un Concelleiro da oposición a formar parte do Tribunal, o Bloque non lle daba dereito, e cando foi a praza do Psicólogo se quitou ó Bloque, pero o representante do Partido Socialista era convocado. Antes os políticos nos tiñamos que mollar, pero agora as circunstancias para o que esta gobernando son moitísimo máis fáciles, porque agora resulta que vostede non vai á Comisión Seleccionadora, ni ningún membro do partido Socialista, e a paradoxa Alcalde que nos coñecemos todos, os que entran aquí teñen un carnet, teñen unha ideoloxía e sabemos quenes son, o grave agora é que a vostede non lle fai falla mollarse, eu antes me mollaba e defendo os meus, o problema é que agora vostede da a orde e se mete á xente que se mete, eso é o grave. Isto xa o dixo vostede, casos hai e exemplos máis e habería que reconducilo, e dar algun tipo de debate, a realidade e os datos sabemos cales son, porque desgraciadamente neste pobo nos coñecemos todos, por eso eu lle rogaría que no sucesivo aínda que non son membro da Comisión de Persoal, se convocase a esta Comisión e se trouxeran todo este tipo de contratacións, políticas de emprego, debates, como o tema das



Auxiliares de Axuda a domicilio, que se lles ampliaron os servicios e ademáis o da Lei de Dependencia. En canto o Convenio, eu me imaxino e ogallá sexa así que se chege a un consenso coa parte social, que fagan un bo convenio para todos é deseable, o convenio que se aprobou con todos os representantes nalquel momento non leva moitos anos en vigor, creo que foi como maior consenso, e se hai que modificar algo que se modifique pero eu creo que eso contentou a ambas partes.

O tema das prazas do personal funcionario, ninguen esta libre de que queira concurrir a unha praza de funcionario, como se vostede agora na política de emprego quere ampliar máis a plantilla de funcionarios, eso é un debate se leva á Comisión correspondente, e se hai consenso adiante e non habera problema. Hai que modificar as formas, hai que darlle máis participación os portavoces, ese é camiño e non buscar enfrontamentos porque non van a solución ningún tipo de problemas, a miña suxerencia aínda que non veñen puntos de acordó para adoptar, é o que lle solicitaría e que estes temas foran á comisión permanente, aínda que eu nela non estou.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que o primeiro que nos chama a atención da petición do Pleno, son os obxectivos reais que ten o Partido Popular que pide ó amparo da Lei a convocatoria deste Pleno, a pregunta o as dúas preguntas son, por un lado se o que se pretende é única exclusivamente falar e debater e dar caña por decilo dalgunha maneira ó amparo dunhas resolucións que están aí, ou a pregunta é se o P.P. pretende traernos aquí un debate que se sustancie nunha serie de medidas que corrixan a problemática que temos entorno á contratación laboral, partindo da base de que efectivamente existe ese problemática, nos partidos dunha idea fundamental, haberá que busca solucións políticas, nos xa estamos aquí non para discutir as Sentencias Xudiciais cando saen hai que cumplilas, senón para procurar que as Resolucións Xudiciais non sexan a forma de facer política, e dicir que non tiñamos que estar permanente pendientes das Resolucións dos Xulgados, eu esperaba onte cando fun a mirar o expediente do Pleno que o P.P. nos propuxera propostas de Resolución porque ademáis o dice a Lei, cando se pide un Pleno extraordinario debatese para algo, para vir aquí a dicir o que pensamos cada un, esta moi ben como formula de masoquismo colectivo, pero non serve nada máis que para eso, e diante dun tema dunha magnitude como este, eu creo que habería que plantexar un Pleno con propostas de Resolución, nos somos favorables a ese debate naturalmente sobre a política de persoal, porque é evidente que temos un problema, pero somos partidarios que ese debate se de desde unha posición, desde un punto de vista de coherencia e de compromiso político de que hai que rectificar se fose necesario, coherencia no sentido que todos sexamos conscientes do que fixemos cando nos tocou estar aquí con cotas de poder, e ó mellor non fixemos, e sobre todo desde que si estamos neste momento con responsabilidade de gobernar tomemos as medidas para que esto non se siga producindo, e evidente que desde a chegada do Partido Popular ó goberno municipal no ano



1999, se produciu unha fenda moi importante na política de contratación laboral que se facía, eu creo que algún dos que estamos aquí formamos parte de anteriores corporacións, ou ben na oposición ou no goberno, foi tónica permanente que as bases cando se convocaba calquer tipo de praza ían previamente á Comisión, se lle daba coñecemento a todos os grupos eu creo que se aprobaba nalquel momento, participábase todos os grupos nos tribunais de selección, e sobre todo que había unha ponderación na aplicación do que dí a Lei, que eran os criterios de publicidade, capacidade e méritos, eso foi así, e eu non recordo nin procesos que crearan conflito de enfrentamento grande, pero en todas as corporacións me refiro nas que houbo anteriores a estar o Partido Popular, e sempre se sustanciou con acordos específicos e unánimes das propias comisións seleccionadoras. E evidente por parte que o Partido Popular iniciou unha vía que é a que deu resultado a esta situación, unha vía de contratación laboral que evidentemente non tuvo nada de transparente, tuvo moito de clientelista, e no fondo estaba destinado e despois se veu que era así, que máis tiña como obxectivo crear unha administración paralela en determinado tipo de postos da Corporación Municipal, postos funcionariais de traballadores e traballadoras que outra cousa, e ó cabo de oito anos, nos atopamos co que temos a día de hoxe, unha plantilla sobredimensionada, unha plantilla que se estruturou no seu momento en función de necesidade do daquela grupo de goberno, e non necesidades da propia Corporación, e moito menos do funcionamento que lle tiñamos que dar os cidadáns que é do que nos deberíamos de preocupar aquí, que os traballadores e traballadoras non cumpran co equipo de goberno nin coa Corporación, que cumpran coa cidadanía que para eso se lles está pagando, aquí calquera criterio racional e calquera criterio de política de contratación normal rompeuse desde o ano 1999. Por certo non se poderá dicir aquí que algún grupo non alertamos de onde nos ía conducir esta situación, eu buscando atopei creo que foi a última pero podíamos atopar moitas máis, a última alegación que nos presentamos a unha das últimas convocatorias que creo que xa se falou aquí, que foi unha que apareceu no Boletín Oficial da Provincia para a contratación dun animador cultural, onde se poñía nada máis e nada menos que cinco puntos pola entrevista persoal, a cadea de contratacións das que aquí se falou dalguna delas e doutras non se falou, eu pensó que é ampla e diversa, o capataz, Auxiliar de Servizos Sociais, Aparelladores, Asesor Cultural etc. Etc., e rematando todo como rematan os fuegos do Patrón na gran traca final, que foi un proceso de funcionarización que nada máis e nada menos que deixou como funcionarios e funcionarias a persoas que entraron de laborais sen exame de ningún tipo, que xa lle ronca e perdóneseme a expresión, eso é de traca, facer unha persoa automaticamente funcionaria unha persoa que nin siquiera fixo un exame, para entrar de persoal laboral, o que nos quedou e evidente que é un lastre, e creo que en honra á realidade foi en parte debido nalgúns casos a acción e noutros casos tamén á omisión, pero eu vou a falar da parte que nos corresponde a nos, había que tomar decisións políticas e non decisións xudiciais, e cando non se fai política e substituímos eso polos xulgados, pois nos pode pasar de todo, non teño nada en contra do Poder Xudicial pero evidentemente co que un leva visto, salen cousas que son alucinantes, en todo caso con ese panorama é co que chegamos a actual corporación, o Alcalde o dicía



anteriormente, vemos polos departamentos do Concello todos os resultados físicos, dese traballo que se fixo por parte da anterior Corporación, nos o dixemos desde o principio, e foi publico e notorio, desde o momento de configuración da nova Corporación, que pensábamnos, pensamos e pensaremos, que diante destas situaicóns hai que coller o toro polos cornos, e actuar con valentía, evidentemente sabendo que o conflito sempre pode dar lugar a problemas, pero afirmamos que tiñamos a encomenda da cidadanía de darlle un volco á política de contratación por parte da anterior corporación, fixar unha política racional en materia laboral coa elaboración dunha Relación de Postos de Traballo e un cambio de rumbo nas convocatorias, nos se defendimos co Partido Popular que houbera que volver a un sistema que fora mais transparente, máis participativo e que dera uns resultados máis racionais, o que decíamos co Partido Popular o seguemos mantendo na actual situación e polo tanto partir de que as convocatorias tiñan que ter un norte, a maior publicidade, e despois un maior rigor na aplicación da capacidade e méritos á hora de facer a contratación, a pregunta que xurde é ¿se produciu ese cambio?, sinceramente nos pensamos que non, e creo que queda reflectido en palabras do propio Alcalde de que se segue aplicando a mesma normativa, e nos pensamos que ese é o grande erro, porque sabedores do conflito que pode crear e que ten que crear, porque cando hai un cambio de corporación que demanda a cidadanía, a cidadanía demanda que non se fagan as cousas como se fixeron antes, tomar as decisións significa enfrentalas e evidentemente buscar aliados para enfrentalas, e hai xa non queremos entrar, en calquera caso a percepción e a realidade é indicativa de que seguimos nunha política en certa maneira continuista, tanto é así que unha das primeiras iniciativas que nos presentamos como grupo en concreto foi un escrito de alegacións presentado pola miña compañeira como membro da Comisión de Personal, o 10 de xaneiro do ano 2008, cando se convocaba a praza de psicólogo onde nos decíamos que non podía ser que se dese para a entrevista persoal unha valoración de 10 puntos, que se tivera en conta os principios de capacidade e merito e non dunha entrevista persoal, quito a seguinte conclusión, non se pode vir aquí precisamente coa escopeta cargada a facer gala de algo que non solamente non se practicou cando se estaba no goberno, senón que foi a política que se implementou, levo anos na Corporación e sei como se facía antes aquí, e creo que todos e todas fomos testigos de cómo solventamos desde o punto de vista do dialogo e sin utilizar criterios de adhesión persoal, política partidaria ou de carnet, como solventamos os temas que tiñamos que solventar nos procesos de selección e como todos o asumíamos, cando chegaba o caso, a puntuación era unha ou era outra, esto cando rachas a dinámica e continua, nos setimonos responsables dun proceso de selección do que formamos parte, nun proceso de selección do que non formamos parte difícilmente podemos sentirnos corresponsables porque non estamos ahí. En todo caso e indo xa ó apartado de conclusións, esto soamente ten unha vía que permita que se solucione, aquí podemos seguir utilizando esto como arma política, non me parece nin ben nin mal que si o Partido Popular non estivera afectado pois o houbera feito, me parece indigno que o faga, porque son os país da criatura, e bastante temos os que non estamos no goberno, telo que escoitar a vostede aquí de vocalista dunha orquesta que desafina, vostede propoñendonos, falandonos da



política de contratación, Sr. Cendán eu creo que tarde piache, vostede non nos tiña que vir aquí con esta proposta, creo que tiña que estar calado, en todo caso a política é así, e ata seguro que haberá xente que lle vai a facer caso, e sobre todo a mín o que me extraña e agora xa o entendo, porque vostedes non fan unha proposta de resolución, porque a proposta de resolución os deixaría en calzoncillos, e perdóneseme a expresión porque igual é moi machista, os deixaría en evidencia, porque como van vostedes a propoñer que agora fagamos as cousas da forma que vostedes procuraron que non se fixeran, se vostede no ano 1999 non empezara unha carreira por certo teño que decirle que é como manifesta o Sr. Alcalde, primeiro votaron o BNG e despois o representante do Partido Socialista das Comisións de Selección, esta escrito hai e as cousas que están escritas non hai que darlles moitas mais voltas, e por certo no mes de agosto cando debatimos a proposta da RPT dixemos que eramos favorables a colectivizar as decisión das Comisións Seleccionadoras, o que non nos vale e que se dice que a Lei prohíbe que os cargos públicos estemos aquí, porque hai Corporacións que non quedan a moitos quilómetros de aquí que seguen tendo membros da Corporación nas Comisións Seleccionadoras, polo tanto todo é discutible, o que non é discutible se hai transparencia ou se non hai transparencia, si nun proba pesa máis unha entrevista persoal de 2 minutos ou pesa un exame sobre a materia que vai a desenvolver, e ese é o punto que temos que volver, con moitísima coherencia e con propostas concretas, e remato, antes lle dixen unha frase o portavoz do Partido Popular e agora lle digo unha frase o portavoz do Grupo de goberno, eu me sinto profundamente mal cando vou a pedir un certificado de empadronamento e a persoa que asina ese certificado de empadronamento é unha persoa que nada máis e nada menos eu participei nunha denuncia por falsificación do Censo, me sinto moi mal, incomodo porque me parece que estou noutra galaxia, e esto quere dicir que efectivamente temos que andar con moito coidado, porque non podemos meter o raposo no galiñeiro, e o que esta pasando neste Concello e que temos metido no galiñeiro parte de toda a estrutura non un rapaso senón posiblemente máis dun raposo. Remato cunha proposta que non é para hoxe, o noso grupo esta en disposición de que se hai vontade polo resto dos grupos de que se hai vontade do conxunto dos grupos de que se retome este tema con cautela, con precisión, con propostas concretas, haber si somos capaces de reconducir esta situación, que efectivamente como dixen antes, ten país, ten nais e que ten tamen mantedores, porque o que nos negamos a que se convirta no eterno debate nos dous que lle quedan a esta Corporación de debates sobre Sentencias Xudiciais, a parte de ser nalgúns casos moi cuestionables, temos que ser conscientes de que hai que rebobinar, despois deste debate cada un de nos, cada grupo formulemos as nosas propostas, dalgunha maneira temos que resolver o tema, porque nin a institución nin a cidadanía teñen porque pasar por esta situación, e moito menos que poidamos utilizala coa forma que se está utilizando, dunha maneira tan tremenda como fai o portavoz do Partido Popular, cando el sabe que ten moitísimo que ver na creación desta situación, polo tanto nesa liña de dar un xesto de certa seriedade, o noso grupo se compromete a que si se abre o debate urxente pero tamén dunha maneira demorada no



conxunto da Comisión correspondente, nos alí vamos a estar facendo as nosas propostas, que por outra parte non dicen máis que o que dixemos sempre, moitas grazas.

Interven o portavoz do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que vai a comezar respostandolle o BNG, quen manifestou que por non se trouxo ó Pleno unha proposta de Resolución, pois moi sencillo porque aquí hai unhas resolucións xudiciais e a competencia é do Sr. Alcalde, se nosoutros tomamos aquí un acordó é un fraude de Lei, porque é competencia do Alcalde, precisamente por eso non porque non houbera unha proposta de Resolución, porque eu en varias das miñas intervencións xa lle solicitei e aconsellei que retirara algunha apelación a determinadas Sentencias. Eu no ano 2005 a Oferta de Emprego Público que nos fixemos e no ano 2006 foi para facer fixa á xente que vostedes tiñan en precario, que eu non os metin os mete u vostede eu non participei neso, como poden ser Camen a limpiadora, Carlos o conxerse e como pode ser o Técnico de Deportes, e máis anteriormente toco de facer cabo ó da Policía Local porque vostedes o decidiron, e facer Tesorera á Señora Mercedes, porque vostedes o decidiron eu non, a do 2005 esa foi a oferta, das persoas que vostedes meteron, e eu lles din continuidade lles fixen un contrato fixo, eu continueu o que vostedes aprobaron, e na oferta de emprego do 2006 nos funcionarizamos as persoas que iban na oferta pero como laborais, e cambiamos a funcionarización deste persoal porque no era exisido polo Consello de Contas a Deputación e a Xunta, e hai esta o Consello de Contas o que está dicindo cos Técnicos de Urbanismo, o informe do Consello de Contas o levou o Alcalde á Comisión de Goberno e nos recomenda que funcionaricemos o persoal, nunca casa onde se fan informes dos Técnicos, teñen que ser funcionarios, os técnico que firman e teñen responsabilidades teñen que ser funcionarios e así o esixen e o piden desde todas as administracións. Nosoutros seguimos coa mesma tónica e o mesmo exemplo que vostedes viñan facendo co tema dos exames, toda esta xente que vostedes nombraron contratados que eu participei nos procesos como Concelleiro, vostede deixo de vir o exame de Psicólogo que eu lle dixen alí, “vostede non me fai mas comedias aquí”, á persoa que mandou o Colexio de Psicólogos vostede mandoulle identificarse, vostede se da conmigo que son Presidente do Tribunal co Político, pero non coa persoa que mandou o Colexio, fixo vostede un espectáculo, e lle dixen vostede non me fai máis espectáculos aquí os fai na praza fora, non me fai quedar mal a mín cunha persoa que ven desinteresadamente que ven para un exame, vostede se deu co técnico porque é un cobarde, en lugar de darse co Presidente do Tribunal que era eu.

Con respecto o que dí estamos de acordo, coa Escola Taller eu o propuxen aquí que se fixera unha Comisión de seguimento e non se fixo caso, e non veña a falar da Política do Partido Popular, nos fixemos o que vostedes deixaron en precario, a toda a xente que vostedes meteron, nos non votamos a ninguen, fixemos Tesoureira a Mercedes, fixemos Cabo da Policía Local, a Benito que era guardia o pasamos para Alguacil, lle fixemos a praza fixa a Carmen a limpiadora, lle fixemos a praza a Carlos, ó Técnico de Deportes, pero ese persoal o deixaron



vostedes, non cambiamos nada nin as bases nin nada, non veña a dicir aquí que nos fixemos a política de emprego. Agora vou a contestar o Sr. Alcalde, o tema da Ludoteca, a Ludoteca non é Ludoteca non fai falla titulación, porque non cumpría os requisitos para ser Ludoteca, se viña dando este servizo con dúas persoas, como era unha actividade municipal se lle pagaban 300 euros ó mes a estas persoas que viñan facendo esta labor e traballaban catro horas diarias, e cal era o problema que ninguén quería, eu tomei a decisión de facerlle os contratos como dí vostede "basura", o que fixen foi facerlle un contrato a tempo parcial a todo o persoal que prestaba servizos nas actividades municipais, na Ludoteca fixen 2 contratos porque había vintepico rapaces, e a outra persoa era Patri, e como empezaron a mermar os rapaces Patri se quedo una Biblioteca, e a persoa que se quedo na Ludoteca como non cumpría as 5 horas de contrato tiña a obrigaion nos fines de semana cada vez que facíamos actividades tiña a obrigaion de vir a axudar tanto Patri como ela, despois Patri cando foi a baixa de Benito que se deu de baixa a trouxemos para o Concello, esa é a situación que nos fixemos con ese persoal, porque estaban e levaban anos sin dar de alta na Seguridade Social, e o que se fixo coas escolas deportivas foi dalo a unha empresa e a empresa que contratara os monitores para dalos de alta na Seguridade Social porque xa había problemas en algun Concello, e eu e que fixen foi a todo este persoal que estaba en precario traballando para o Concello, foi facerlles un contrato a tempo parcial de 5 horas.

Co tema da funcionarización de persoal de confianza, lle vou a dicir que cando entrei de Alcalde o que estaba facendo veces de persoal de confianza ó anterior Alcalde o Sr. Vilasánchez era o Sr. Mayobre, eu o motiven uns mes e el me pediu para promocionarse e o mandei para o rexistro, e baixe a Carmiña que xa estaba traballando no Concello, cando entrou Montse que entrou con cargo a unha subvención de Deputación de Servizos Sociais, estaba na Alcaldía, despois veu o Plan Laboral da Xunta que iba entrando xente, entrou Conchita, e Conchita era o multiusos do Concello, atendía a todos os servizos e estaba cobrando pola Xunta, e vimos que era unha persoa intelixente, desperta e que para non ter experiencia na Administración conecía, e eu inmediatamente cando acabou o contrato a deixei ahí, pero eu tiven personal con cargo de confianza os dous últimos anos, e se lle quitou a praza de Administrativo porque valía e ahí está, esa señora non entrou conmigo de persoal de confianza entrou co Plan Laboral, eu non a coñecía para nada.

Co expediente de Marían, é mentira que houbera algo no caixon, vostede me está acusando a mín.

O Sr. Alcalde di que o Psicólogo se lle queixou.



O Sr. Manuel Cendán, di o Psicologo non tiña ningunha razón, el era o Educador Familiar e non quería exercer.

Co tema da impugnación de Asunción, que nos estivo acusando das bases que eu deixei, eso é mentira outra mentira que contou, vostede aprobou as bases o 18 de xuño de 2007, e eu levaba dous días fora da Alcaldía, o problema das rapazas de servizos sociais e que non tiñan un contrato con xornada completa, viñan traballando 4 horas.

O Sr. Alcalde di que o contrato era a tempo completo.

O Sr. Cendan di que estaría mal feito o contrato, o contrato viña de anos e traballaban 4 horas, e cal foi o descontento, que vostedes lles ampliaron o contrato e lles fixeron ir ó comedor escolar, vostede lles prometeu 100 euros, a xente traballa mais e quere cobrar máis, están descontentas porque traballan máis e cobran igual.

O Sr. Alcalde resposta que para que podan esixir teñen que cumprir a xornada.

O Sr. Manuel Cendán, di que quere deixar claro cal é a diferenza de vostede a mín, eu tiven aquí cantidade de xuízos e do persoal laboral, o tema do psicólogo acabou no xulgado e o gañamos, o tema do Arquitecto Municipal foi xulgado tanto polo Arquitecto como polo Colexio de Arquitectos e Colexio de Psicólogos, e gañamos os xuízos, porque estamos dentro de Dereito, e cal é a diferenza de vostede a mín, que de 4 conflitos laborais os catro os perdeu, e eu non perdin ningún, e eu tiven infinidade de xuízos durante oito anos e os gañei todos, e podo andar coa cabeza alta polo pobo.

O Sr. Alcalde di que el non perdeu nada, el non tiña ningún interese cos temas que di o Sr. Cendán, eu cumprin a miña obrigaón de tramitar os temas desde a Alcaldía.

O Sr. Cendán Fernández, di que no tema da funcionarización que vostedes impugnaron, que eu desestimei, entraron vostedes na Alcaldía e o volveron a presentar.

O Sr. Alcalde di que en ese momento eu o Resolvin a favor, cumprindo coa miña obrigaón de resolver os asuntos, vostede nono o desestimou por eso sorprendidamente vin que podía resolverse nese sentido.

O Sr. Cendán di que na oferta do 2006 ian tamen os 2 policias e eu tampouco os metin.

O Sr. Alcalde di que non fixo a oposición.

O Sr. Cendán Fernández, pregunta o Sr. Alcalde si sabe porque non se fixo a oposición, porque non se puido axilizar.

Resposta o Sr. Alcalde, por que non tiña moito interese, nos policías.



O Sr. Cendán Fernández, di que non é certo, e que lle deixe explicar, e non o podemos amañar porque o Policia Local pasaba da idade e non se podía presentar, que lle quede claro, agora cambiou a Lei e se puido facer, senón non podían, pero eu a quitei na oferta de emprego público e a miña intención era amañalo, non me pode dicir a mín que non tiña interés.

O tema do capataz, vostedes fagan o que queiran e a realidade é a que é, non diga vostede aquí que se enxeñeiro, e unha persoa que sempre votou unha man a todo, e vostede lle contratou un detective privado cando estivo de baixa, un detective privado que costou casi mil euros, e non pode dicir que non esta traballando porque o vin eu, no Centro de Cervás os vi a el a Santi e a outro máis, na campaña electoral están meus compañeiros de testigos fumos a colocar carteis e os vimos alí no Centro de Cervás traballando, non diga vostede que andaba coas mans nos bolsillos.

O Sr. Alcalde di que si lle mandan facer traballos manuais el se nega.

O Sr. Cendán Fernández, di que no mesmo caso esta Agustin, que non e Capataz e tamén anda coas mans no bolsillo todo o día, e todo o día esta polo Concello.

O Sr. Alcalde di que si esta polo Concello, é para despachar conmigo ou co Concelleiro, e a diferenza está en a Agustin cando veña outro Alcalde se quere o cambia, e o Capataz vostede o fixo en propiedade, igual que fixo có seu persoal de confianza, esa é a gran diferenza, Agustin ten un nomeamento que cando veña outro Alcalde nombra a outro, en cambio eu teño que aguantar co Capataz que vostede deixou.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que eso é así, a maioría do persoal que hai no Concello o meteu o seu partido, e algunhas veces en colaboración co BNG, o 80% do persoal o meteu o PSOE, podemos nomealos, empezamos polo Policia Local que é cabo que foi na lista do PSOE, por cuarenta mil que eu teño memoria, desde o ano 80 estou en política e teño memoria. O único que lle pido é que reconduzca a situación, dos conflitos laborais cos traballadores, o dixen antes de pedir o Pleno e o digo agora, aquí sempre houbo como en todos os Centros de Traballo roces entre o persoal, nos estamos aquí para solucionar problemas e para xestionar servizos para os veciños e mellorar a calidade de vida dos mesmos, non estamos para xenerar problemas, e creo que o tema de Agustin como do Capataz, creo co dialogo se pode amañar. O tema de Santi, conmigo nos 8 anos non cortou herba, e anteriormente con Vila tampouco, o podes preguntar, Santi e Lolo non poden cortar herba que eran alerxicos, e xa viña da Corporción anterior e nos meus 8 anos non contaron herba eso a garantizo eu. Estas cousas co dialogo se poden amañar, e outras como a Escola



Taller se se creara unha Comisión de seguimento sobre ela, creo que non habería ningún problema, hai participachedes 2 persoas do INEM e 2 políticos, porque non podíamos participar máis, e se hai que dar a cara por algunha persoa porque o esta pasando mal e lle podemos votar unha man e o hai que meter se mete e non hai que poñerse colorado.

Interven o Portavoz do BNG o Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que a efectos de aclaración simplemente sobre afirmacións que se fan, esta non é a guerra de usted perdeu e eu non perdín, aquí quen perde é a Corporación, en dignidade, en capacidade en operatividade e tamén seguramente en economías, eu o teño claro, por outro lado nos respetamos as decisións xudiciais, pero diga o que diga o xuíz ou xuíza a respecto do proceso de funcionarización desde o punto de vista da racionalidade e da lóxica, non é normal que tiñamos funcionarios e funcionarias que nin siquiera fixeron un exame para ser laborais, e pode decilo o xuíz ou quen queira, eu respecto esas decisións pero non as comparto, e un absoluto despropósito que unha Corporación teña que cargar cunha irresponsabilidade de outra Corporación nun caso como este. E despois eu pregunta aquí dos que estamos que estivemos en outras Corporacións, que se me diga en que casos doutras Corporacións nas que eu formei parte do Goberno ou da oposición anteriores a estar o Partido Popular, que se me diga cantas reclamacións xudiciais houbo, incluso non xudiciais, senón de tipo persoal que houbo aquí, cantos houbo, porque non as había nalquel momento, porque estábamos todos os grupos, veíamos máis catro ollos que o poden ver dous o tres. Tamén e certo que rapidos eran algúns en concreto o Partido Popular, cando convocamos a praza do responsable da oficina municipal de información xuvenil, e entrou unha persoa que vostedes creían que era próxima o Partido Popular, que cando estábamos levantando o Tribunal vostedes xa foron a falar co pai, para decirlle que xa o meteran vostedes, claro lle poideron dicir que o meteran o PSOE e o Bloque que eramos os que estábamos gobernando. Habera que reconducir o método, eu se se quere reconducir o meto nos estamos total e absolutamente aberto, como estuvemos no seu momento, pero vostede Sr. Cendán perdeu 8 anos que non quixo escoitar e lle deixou o morto a esta Corporación, eso o sabe todo o mundo, é evidente non ten discusión, que máis quereda eu que non decirlllo e decirlllo ó actual Alcalde porque eu con quen teño que debatir e coa actual Corporación, pero teño que decirlllo a vostede porque é voz populi, estos os mortos maioritariamente da Corporación anterior, e da falta dunha acción contundente desta Corporación que temos.

O Sr. Manuel Cendán Fernandez, resposta que esta mintindo, e lle vai contar unha anécdota, a xente que entrou aquí se da a paradoxa que son as máis tituladas do Concello, máis que os funcionarios.

O Sr. Alcalde di que para entrar hai que facer un exame.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, pregunta quen non entrou con exame.



Resposta o Sr. Alcalde que Isa Margharetto non fixo ningún exame para entrar aquí, a metiches tí.

O Sr. Cendán Fernández, di que é mentira, a nos en quince días se nos foi e non nos dixo nada, estaba aquí Manel, e se había presentado a unha praza na Coruña, e o dixo a mesma semana, entonces nos pedimos o INEM, e o INEM nada máis que mandou a Isabel, e a maiores despois cando fixemos a oferta de emprego público na praza de Isabel non se presentou ninguen nada máis que Isabel foi a única, non hai xente preparada nesa titulación, o resto se presentaron 40 ou 50 persoas en cada unha delas, e a xente máis cualificada, e podemos falar da xente que meteron vostedes, e o técnico que me está acusando a mín que fumos a dar o recado o pai, ese señor é afiliado do BNG e vostede ben a sabe e non minta, a familia non pero el precisamente é militante do BNG, como é o Técnico de Deportes que está aquí no Concello é do BNG que foi de Interventor polo BNG as mesas de Mugar dos nas eleccións autonómicas e eu lle fixen a praza.

O Sr. Alcalde pregunta se Isabel Margharetto non foi nunca de Interventora do P.P.

Resposta o Sr. Cendán Fernández, que nunca foi, que non é afiliada e nunca participou en nada do P.P., a irmán si. Non como eles, como a Psicóloga de aquí que é a filla de Toimil e vai de Interventora as mesas de Mugar dos, a xente este que estades acusando que eu metin ningunha dela e afiliada e miitante do P.P., pero o Psicologo e Técnico de Deportes que é militante do BNG e eu lle fixen a praza fixa, pero estou contento con el porque é un bo profesional.

Finalmente o Sr. Alcalde di que hai moitas diferencias e hai algun problema, un problema grave que é o comportamento do capataz, e creo que lle corresponde a Corporación decidir que se vai facer, e na próxima Comisión de Obras decidir o que se vai facer. E Santi, non é so o que dice Manuel, se negou a cumprir unha orde directa, Santi fai xestións persoais en horario laboral, e tamen ten unha diminución no seu rendemento, recabaremos os informes preceptivos e se tera que tomar unha decisión entre todos, son decisións complicadas e é onde se está focalizando o conflito, na nave hai moi pouca xente, e non podemos sacar os servicios adiante, levaremos a Comisión de Obras esta situación e alí decidiremos o que hai que facer, desde logo e insostenible mantela, evidentemente que eu saiba o Concello de Ares non ten contratado ningún enxeñeiro, que poida pasearse de arriba abaixo en todo o Concello sen facer traballos manuais, eso non se pode soportar, sobre todo porque antes da baixa facía traballos manuais, e dicir hai unha diminución de rendemento.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e cincuenta minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,